

**MEMORIA ANUAL DO
COLEXIO OFICIAL DE
BIÓLOGOS DE GALICIA
ANO 2011**



Desde o ano 2008, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e anteriormente a Delegación de Galicia do COB, presenta a correspondente Memoria Anual ante a Xunta Xeral de colexiados.

Inclúense os apartados informativos derivados da *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio (Ley Ómnibus)* e poñerase a información pública na páxina web do Colexio.

Índice:

1. Actividades de defensa da profesión
2. Alegacións presentadas
3. Comisións sectoriais
4. Actividades de formación e xornadas técnicas.
5. Bolsa de Emprego.
6. Servizo de información.
7. Outros servizos colexiais.
8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios.
9. Participacións do COBGA.
10. Varios.
11. Reunións do COBGA.
12. Percepcións membros Xunta de Goberno.
13. Informe anual de xestión económica.
14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo.
15. Información sobre procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución.
16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores.
17. Cambios no contido dos códigos deontolóxicos.
18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito.
19. Estatísticas colexiacións.
20. Información estatística sobre a actividade de visado.

1. Actividades de defensa da profesión

As accións de defensa da profesión xa foron informadas de forma pormenorizada na páxina web do Colexio e estiveron dirixidas a:

1.1. Centro de Investigación Forestal de Lourizán. Escrito do 5 de xaneiro ao conselleiro do Medio Rural solicitando a inclusión dos biólogos na convocatoria de bolsas de apoio de formación en tarefas de investigación de titulados superiores no campo de investigación de mellora xenética forestal.

1.2. Especialidade de operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios. Escrito do 15 de febreiro enviado ao Director Xeral de Centros e RRHH da Consellería de Educación, xa que no Anuncio de apertura de prazo de solicitude de prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores técnicos de FP non se inclúe a titulación de Bioloxía.

1.3. Certificados de profesionalidade da familia profesional "Imaxe persoal". No BOE do 4 de marzo publicouse a sentenza do Tribunal Supremo pola que se declara a nulidade do apartado IV do anexo I do Real Decreto 1379/2009, de 28 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional "Imaxe persoal", recurso presentado polo Consello Xeral de Colexios de Biólogos, por indicación do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

1.4. Complexo Hospitalario de Pontevedra. Escrito ao Xerente Xeral do 4 de marzo, lembrándolle o que indica o Real Decreto 1163/2002 sobre os títulos de Especialista. No mesmo sentido tamén se escribe á Directora de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.

1.5. Consellería do Medio Rural. Acordo do 8 de abril da Xunta de Goberno de interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a Orde do 25 de marzo de 2011 de convocatoria de bolsas de formación de tecnólogos e persoal de apoio á investigación, que exclúe aos titulados en Bioloxía.

1.6. Deputación Provincial de Pontevedra. Interposto recurso de reposición o 13 de abril contra a convocatoria de dúas bolsas dirixidas a enxeñeiros técnicos agrícolas para tarefas de investigación e colaboración en materia de viticultura e horta, das plantacións de viñedos e cultivos da provincia de Pontevedra por excluír a titulación de Bioloxía.

1.7. Deputación Provincial de Pontevedra. Envióuselle escrito ao Sr. Presidente o 29 de abril, sinalando que a entrevista non é un sistema de selección e o seu contido vulnera os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, respecto da convocatoria dunha bolsa con destino á Finca Mouriscade.

1.8. Instituto Enerxético de Galicia. Recurso de alzada do 4 de maio contra unha corrección de erros da Resolución do INEGA de 21 de febreiro que eliminaba a titulación de Bioloxía das bases do proceso de selección dun técnico superior para un proxecto europeo.

1.9. Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios. Escrito do 5 de agosto á Directora-Xerente sobre a convocatoria dunha praza de facultativo investigador para a Unidade de Radiofármacos que establecía como requisito ter o título de licenciado ou doutor en Medicina.

1.10. Especialidades sanitarias. Enviáronse o 19 de setembro ao Consejo General de Colegios de Biólogos as alegacións ao proxecto de Real Decreto de creación de novas especialidades (Xenética Humana entre elas) e ao proxecto de Real Decreto por el que se regula a incorporación de criterios de troncalidade en la formación de determinadas especialidades en Ciencias de la Salud.

1.11. Director Xeral de Función Pública. Envióuselle o 21 de setembro unha pregunta sobre o estado de tramitación do Borrador do Decreto dos Servizos Veterinarios de Galicia e as súas funcións.

1.12. Recursos contenciosos. Interpuxéronse recursos o 22 de setembro contra o Decreto 150/2011, do 21 de xullo da Consellería do Mar, contra a Resolución do 22 de xullo de 2011 da Consellería de Facenda e contra a Orde do 22 de xullo de 2011, da Consellería de Facenda, todos eles relacionados coa creación do Servizo de Inspección Veterinaria na Subdirección Xeral de Gardacostas na Consellería do Mar.

1.13. Centro Tecnolóxico da Carne. Envióuselle escrito o 31 de outubro ao Director Xerente solicitándolle que se incluíra aos licenciados en Bioloxía nas bases da convocatoria para a contratación dun Técnico/a de Transferencia Tecnolóxica. O 16 de decembro fixéronselle chegar algunhas consideracións adicionais.

1.14. Dirección Xeral da Función Pública. Enviouse escrito o 21 de novembro sinalando aquelas prazas que deberan estar accesibles para os biólogos na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia e nas Xefaturas de Sección Ambiental, na RPT da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

1.15. Lei de Acompañamento aos orzamentos. O COBGA dirixíuse aos Grupos Parlamentarios o 28 de novembro manifestando a súa preocupación polas repercusións que terían a modificación do artigo 5 da Lei de Medidas Urxentes en Materia de Ordenación do Territorio e do Litoral de Galicia e do artigo 5 da Lei de Protección Ambiental de Galicia, en termos de conservación de especies e hábitats e na xeración de traballo de consultoría e asesoría ambiental.

1.16. Intrusismo na prensa. Na edición dixital de El Mundo.es do 3 de decembro apareceu unha noticia baixo o título "Las rías gallegas albergan la segunda mayor población de delfines en Europa" na que se cita ao biólogo Antonio Folgar. O 16 de decembro se lle enviou un escrito ao Director indicando que non cabe atribuírle tal título profesional ao non figurar inscrito neste colexio oficial.

2. Alegacións presentadas

O Colexio expresa a súa opinión técnico-científica acerca dos asuntos da súa competencia e os relacionados coas actividades que realizan os biólogos.

2.1. Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa. O 17 de febreiro enviáronse as alegacións do COBGA ao Organismo Autónomo Augas de Galicia.

2.2. Proceso de planificación hidrológica correspondiente a la parte española de la Demarcación Hidrográfica del Miño-Sil. O 13 de xuño enviáronse alegacións aos documentos Propuesta de proyecto de plan hidrológico e Informe de sostenibilidad ambiental á Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

2.3. Rede Natura 2000 de Galicia. O 29 de xullo enviáronse as consideracións do colexio ao Borrador do Plan Director. Posteriormente o 20 de outubro e o 23 de decembro solicitouse documentación adicional, non facilitada.

3. Comisións sectoriais

As Comisións sectoriais son instrumentos de participación colexial para asesorar, ser foro de debate, colaboración, apoio á formación, etc.

3.1. Comisión de Medio Ambiente. Redactou as alegacións ao Borrador do Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. Tamén redactou comunicados para notas de prensa relacionadas co seu ámbito (ver punto 8).

3.2. Comisión de Sanidade. Celebrou unha reunión con 4 asistentes o día 16 de setembro na que os asuntos máis importantes tratados foron: Creación dun organigrama e regulamento de funcionamento; Posible curso de preparación BIR; Acreditación de cursos en materia sanitaria; Solicitud ao CGCOBs de entrevista co próximo responsable de temas de formación do Ministerio de Sanidade para un reparto máis equitativo das prazas de formación especializada.

Unha segunda reunión foi o 25 de novembro con 6 asistentes. Nesta trataron dos seguintes asuntos: Regulamento de funcionamento; Enmendas á lei de profesións sanitarias; Creación dun foro na web do colexio; Organización de cursos acreditados; Curso de preparación BIR.

3.3. Comisión de Asuntos Laborais. Na reunión do 15 de setembro decidiuse solicitar á Xunta de Goberno a interposición de recurso contencioso-administrativo contra o Decreto 150/2011, do 21 de xullo da Consellería do Mar, contra a Resolución do 22 de xullo de 2011 da Consellería de Facenda e contra a Orde do 22 de xullo de 2011, da Consellería de Facenda. Todos eles están relacionados coa creación do Servizo de Inspección Veterinaria na Subdirección Xeral de Gardacostas na Consellería do Mar.

3.4. Comisión de Emprego e Formación. A súa primeira reunión foi o 18 de marzo, e supuxo unha toma de contacto dos seus compoñentes e onde se aportaron ideas para futuras actividades de formación e de fomento do emprego. O 20 de maio tivo unha xuntanza co representante dunha empresa de formación na que se trataron aspectos como convocatorias de subvencións para cursos, homologación do local e certificados de profesionalidade. Os seus compoñentes continuaron os seus contactos en relación coa promoción de actividades formativas.

4. Actividades de formación e xornadas técnicas

Unha das funcións do COBGA especificadas nos seus Estatutos é a de organizar cursos para procurar a formación permanente e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos biólogos.

4.1. Cursos. En 2011 celebrouse o curso:

- Análise de Parámetros Microbiolóxicos e Físico-Químicos de Augas. Ourense, 14-29/X/11. Participaron nel 1 colexiada, 4 non colexiados e 2 estudantes.

Houberon de suspenderse 3 cursos por falta de inscricións suficientes: Avaliación de Impacto Ambiental (Santiago), Curso Práctico de Iniciación ás Análises Clínicas (A Coruña) e Análise Microbiolóxica de Alimentos (Ourense).

4.2. XIV Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura das Rías Galegas. Celebrado en O Grove o 6-7/X/11. O Colexio prestou a súa colaboración.

5. Bolsa de Empleo

Enviáronse 66 ofertas (contratos e bolsas) de diferentes orixes: webs das empresas ofertantes, peticións expresas delas, empresas de selección de persoal, webs de emprego... Están inscritos nela 805 colexiados e as seleccións fanse confrontando os requisitos solicitados cos campos de interese marcados polos colexiados, e tamén coas capacidades expresadas no seu C.V. As ofertas foron enviadas en 2011 case exclusivamente por correo-e, dado o breve período de resposta para as comunicacións deste tipo e que no 99% ten que ser tamén vía correo-e.

6. Servizo de información

Este aspecto da súa actividade, como tamén a Bolsa de Empleo, é de vital importancia para o Colexio. Manter un activo e eficaz servizo de información resulta prioritario para que os colexiados consigan desenvolver o seu exercicio profesional nas mellores condicións.

6.1. NOVAS COBGA. En 2011 este boletín informativo mensual tivo 12 edicións que foron colocándose puntualmente na primeira semana de cada mes na nosa web de maneira reservada aos colexiados. Contén as seccións habituais: A Xunta de Goberno informa, Empleo, Bolsas, axudas e subvencións, Premios, Actividades de formación, Congresos, Simposios, Reunións, Xornadas..., Recursos na Rede, Varios, Ofertas a colexiadas/os, Lexislación.

6.2. Páxina web. Visitas en 2011: 51.752. RSS, 76.343 (cada usuario entra varias veces, está en aberto). Convocatorias, 26.780. Cursos outras entidades, 9.337. Directorio, 1.580. *NOVAS COBGA*, 12.027 (diferentes seccións). Unha media de 7.592 descargas/mes do documento total. Entradas desde Google, 11.387.

7. Outros servizos colexiais

En 2011 os colexiados beneficiáronse de descontos negociados con provedores de:

- bens e servizos: Tienda virtual Sitio Distinto, Cadenote Escuela de Vela, CitricDiet, Lonxanet, Editorial Hélice, Hotel Louxo-La Toja, Gente viajera, Ecocelta Galicia, Musgo Aventura
- actividades de formación (matrícula): Sanea, Preparador de oposiciones de secundaria, Estandar Gestión Alimentaria, Instituto ABIO/Laboratorios CONDA, SGS Tecnos, Fundación Mona, Recursos Galicia, FEUGA, e-TECMA, GEAL Consultores, EseyPro, Conycal, IPEMS/IVI, ORBERE, AMBICAL Proyectos, CEBF Network Solutions, GEODEM, Vita Aidelos, Ecogest Norte, GENYCA Innova
- Foro dos Recursos Mariños e da Acuicultura de O Grove (inscripción).
- Ferrer & Asociados (Póliza seguro responsabilidade civil).

8. Comunicados e noticias do COBGA nos medios

A presenza do Colexio nos medios de comunicación galegos intensificouse durante 2011, cun incremento dun 47% no número de medios e dun 42% no número de impactos. Foron un total de 18 noticias enviadas. O impacto informativo foi de 1.300 módulos (26 páxinas) nos xornais, 18 impactos en emisoras de radio e 6 en canles de televisión (2 horas e 12 minutos).

Os temas máis relevantes foron os seguintes:

- Rexeitamento do Colexio aos recortes en I+D+i. 4/I/11.
- Olimpíada de Bioloxía. 10/I/11 (fase autonómica 2011); 1/IV/11 (fase nacional 2011); 14/X/11 (convocatoria 2012).
- Desaparición masiva de abellas. 21/II/11.
- Día Mundial da Eficiencia Enerxética. 4/III/11.
- Día Forestal Mundial. 18/III/11.
- Día Internacional dos Incendios Forestais. 3/V/11.
- Día Mundial da Biodiversidade. 22/V/11.
- Xornadas sobre as actividades profesionais dos biólogos. Santiago, 10/IV/11; Vigo, 26/IV/11; A Coruña, 9/V/11.
- Catálogo de flora vascular do Concello de Ferrol (libro). 10/X/11.
- Curso de análise de augas. 13/X/11.
- Alegacións á lei de Acompañamento dos Presupostos. 5/XII/11.
- Ano Internacional dos Bosques. 9/I/11.
- Propagación de mimosas. 3/III/11.
- Día Mundial dos Humidais. 2/II/11.
- Entrevista de AGN á Decana. 9/X/11.

9. Participacións do COBGA

O Colexio estivo presente en diversos actos académicos e doutros tipos.

9.1 Xornadas informativas: as actividades profesionais dos biólogos. O 27 de abril celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo e nela varios colexiados expertos en diferentes áreas explicaron os seus respectivos campos de actividade profesional. A xornada contou coa participación de 80 alumnos.

O 10 de maio celebrouse na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña e a ela asistiron 28 alumnos.

O 11 de maio celebrouse na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago, coa participación de 41 estudantes.

9.2 Acto licenciatura Facultade de Bioloxía Universidade de Vigo. Celebrouse o 17 de xuño e contou coa participación da Decana.

9.3 Guía de peritos xudiciais. A Decana e o Tesoureiro asistiron o 1 de marzo en Santiago á súa presentación, por parte da Unión Profesional de Galicia.

9.4 Xornada técnica sobre a proba pericial. Organizada pola Unión Profesional de Galicia e celebrada en Santiago o 8 de abril. A ela asistiu a Decana.

9.5 Entrevista coa Conselleira do Mar, Rosa Quintana. O 2 de marzo, a decana, dous vogais da Xunta de Goberno e un membro da Comisión de Pesca do COBGA entrevistáronse con ela. Tratáronse diversos temas de interese para as dúas institucións como actividades de formación e difusión relacionadas coa profesión e co ámbito de xestión da consellería e da posibilidade de establecer un convenio de colaboración.

9.6 Primer Simposium -Electromovilidad, Energía y Medio Ambiente (SIMEM), Foi organizado por APROEMA en Vigo o 9 de xuño e o Tesoureiro foi o coordinador na Mesa da Auga.

10. Varios

10.1 Participación en publicacións. O Colexio colaborou na edición do libro *Madeira de Mulher*, de Edicións do Castro xunto coa Deputación de Lugo, e os concellos de Santiago, Ferrol e Cesuras. A autora dos contos é Adela Figueroa e as ilustracións son de M^a Celsa Sánchez. Igualmente participou na *Guía de Peritos Judiciales 2012* da Unión Profesional de Galicia, que se envía aos xulgados, concellos e outras administracións de Galicia. Ademais, o 28 de decembro se lle enviou ao Xulgado de Instrución N^o 1 de Ourense, segundo a súa petición, o listado de colexiados dispostos a participar como peritos en procesos xudiciais.

10.2 Premio Fundación BBVA a la Difusión del Conocimiento y Sensibilización en Conservación de la Biodiversidad 2010. O 15 de febreiro enviouse á Fundación un escrito apoiando a candidatura da nosa compañeira Mónica Fernández-Aceytuno.

10.3 Proyecto Atlantic Bridges. O 21 de setembro enviouse escrito ao Director do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia en apoio ao desenvolvemento do proxecto "Programa de acercamiento de la comunidad científica investigadora internacional al PNM-TIAG", promovido pola Universidade de Santiago e para presentar á convocatoria de axudas da Fundación Biodiversidad 2011.

10.4 Olimpiada Galega de Bioloxía. Celebrouse o 14 de xaneiro na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago. Participaron 106 alumnos de bacharelato, procedentes de 33 institutos de toda Galicia. Os tres gañadores representaron á comunidade autónoma na fase nacional, que se celebrou en Granada no mes de abril.

11. Reunións do COBGA

O COBGA celebra as súas reunións propias e participa nas dos organismos dos que forma parte.

11.1. A Xunta de Goberno celebrou 5 reunións en 2011: as ordinarias foron os días 8 de abril, 29 de xuño e 16 de decembro. As sesións extraordinarias, os días 20 de maio e 20 de setembro. As **Xuntas Xerais** ordinarias de colexiados celebráronse os días 8 de abril e 29 de xuño, así como outra extraordinaria o propio 29 de xuño.

11.2. Asistencia a reunións do Consejo General de COBs.

O Vicedecano asistiu á reunión celebrada os días 17 e 18 de decembro de 2011.

11.3. Asistencia a reunións da Unión Profesional de Galicia. A Decana asistiu á Asemblea e Pleno celebrados o 29 de marzo. O Vicedecano, ao Pleno celebrado o 29 de novembro.

12. Percepcións membros Xunta de Goberno

Os membros da Xunta de Goberno do COBGA non perciben ningunha remuneración en concepto de soldo nin de honorarios por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno, da Xunta Xeral nin de ningún outro tipo. Só teñen dereito a recuperar o diñeiro que adiantan nos seus desplazamentos ás reunións colexiais como kilometraje, dietas ou aloxamento (segundo a tarifa oficial do BOE). Os cobros de cada membro da Xunta de Goberno no 2011 figuran na táboa seguinte:

	Asemblea e Pleno UPG 29/03/11	Xornada peritos xudiciais 8/4/11	Xornada informativa UVIGO 27/4/11	Xornada informativa UDC 29/4/11	Reunión Cª do Mar 10/5/11	Reunión Cª do Mar 24/5/11	Xestións varias 6/6/11	Acto licenciatura UVIGO 17/6/11	Xunta Goberno 17/12/10	Xunta Goberno 8/4/11	Fundación Biodiversida de 31/3/11	Xunta Goberno 16/12/11	Reunión Consejo COBs 17-18/12/11	Reunión UPG 29/11/11	SIMEM 9/6/11	TOTAL (€)
Decana	X	X	X	X	X	X	X	X	-	-	-	-	-	-	-	166,98
Vicedecano	-	-	-	-	-	-	-	-	-	X	-	X	X	X	-	513,62
Secretario	-	-	-	-	-	-	-	-	-	X	-	-	-	-	-	41,42
Tesoureiro	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	X	-	-	X	46,10
Vocal 1	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	X	-	-	-	38,38
Vocal 2	-	-	-	-	-	-	-	-	-	X	-	-	-	-	-	68,40
Vocal 3	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vocal 4	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vocal 5	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vocal 6	-	-	-	-	-	-	-	-	X	-	-	-	-	-	-	52,96
Vocal 7	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vocal 8	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vocal 9	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vocal 10	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	X	-	-	-	9,15
Vocal 11	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vocal 12	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vocal 13	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vocal 14	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
																937,01

13. Informe anual de xestión económica

Nestes cadros resúmese o balance económico do 2011.

Cuenta de Pérdidas y Ganancias 2011	Debe	Haber
Pérdidas y Ganancias		
1. Ing.de la Entidad por su Actividad Propia		148.146,22
A) Cuotas de Usuarios y Afiliados		148.146,22
7200001 Ingresos Cuotas Colegiados		142.817,89
7210001 Ingresos por Visados		2.930,88
7210002 Ingresos por Certificados		257,45
7210004 Ingresos Inscrp Cursos		2.140,00
8. Gastos de Personal	71.554,23	
6400000 Sueldos y Salarios	54.663,15	
6420000 Seg.Social a Cargo de la Emp.	16.891,08	
9. Otros Gastos de Explotación	52.452,98	
6210000 Arrendamientos y Cánones	2.304,60	
6220000 Reparaciones y Conservación	329,63	
6230000 Serv.de Prof.Independientes	5.135,88	
6240000 Transportes	144,29	
6250000 Primas de Seguros	489,60	
6270000 Publi.Propaganda y Relac.Pub.	1.701,45	
6280001 Suministros: Agua-Lixo	303,15	
6280002 Suministros: Calefaccion	230,12	
6280003 Suministros: Electricidad	195,20	
6290000 Otros Servicios	927,84	
6290001 Gastos Correos	834,61	
6290002 Material de Oficina	540,23	
6290003 Comunicaciones: Telefono	1.627,01	
6290004 Cuotas Asociaciones	530,00	
6290005 Servicios Asesoría	1.372,81	
6290006 Gastos Fotocopias	141,29	
6290008 Servicio de Limpieza	755,20	
6290009 Servicios de Seguridad	184,42	
6290010 Gastos Cursos	2.179,33	
6290011 Gabinete de Comunicacion	10.620,00	
6290012 Cuotas Union Profesional de Galicia	601,02	
6290013 Transf. a Consejo Gral. Cobs	18.284,08	
6290015 Certificados Oficiales Cob	189,00	
6290016 Gastos Junta de Gobierno	727,02	
6290017 Mantenimiento Prog Informatico	204,79	
6290018 Gastos Suscripciones	100,88	
6290019 Gastos Comunidad Propietarios	612,13	
6290020 Gastos Desplazamientos	277,33	
6310000 Otros Tributos	910,07	
10. Amortización del Inmovilizado	8.511,48	
6810000 Amort.del Inmov.Material	8.511,48	
A) Rtdo.de Explotación		15.627,53
(1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)		
15. Gastos Financieros	13.194,92	
6623000 Int.de Deudas con Ent.de Cred.	11.430,59	
6650000 Int.Dto.Efe.Ent.Cred.Grupo	1.524,60	
6650001 Gastos Devolucion Recibos	132,30	
6690000 Otros Gastos Financieros	107,43	
B) Resultado Financiero (14+15+16+17+18)	13.194,92	
C) Resultado Antes de Impuestos (A+B)		2.432,61
D) Excedente del Ejercicio (C+19)		2.432,61

Soldos e Salarios 2011			
	Posto	Dedicación	
Soldos e Salarios	Gerente	100 %	24.623,10
	Oficial 1ª Administración	100 %	17.835,66
Seguridade Social	Gerente		12.124,08
	Oficial 1ª Administración		8.237,64

Pasivo	2011
A) Patrimonio Neto	36.537,25
A-1) Fondos Propios	36.537,25
iii. Excedentes de Ejercicios Anteriores	34.104,64
1200000 Remanente	34.104,64
iv. Excedente del Ejercicio	2.432,61
B) Pasivo no Corriente	374.479,40
ii. Deudas a Largo Plazo	374.479,40
1. Deudas con Entidades de Crédito	374.479,40
1700001 Bco Etcheverria Ptmo 452/00	374.479,40
C) Pasivo Corriente	16.862,31
ii. Deudas a Corto Plazo	11.436,12
1. Deudas con Entidades de Crédito	11.436,12
5200001 Bco Etcheverria Ptmo 452/00	11.436,12
3. Otras Deudas a Corto Plazo	0
V. Acreedores Comerciales y Otras Ctas. a Pagar	5.426,19
2. Otros Acreedores	5.426,19
4100004 Escariz Fernandez, Fernando	206,00
4100022 Adicional Logistics España, S.	6,54
4100044 Nea F3 Iberica S L	926,36
4750000 Hacienda Pub.Acreeedora por Iva	67,56
4751000 Hacienda Pub.Acree.Retten.Pract	2.522,89
4760000 Org.de la Seg.Social,Acre.	1.696,84
Total Patrimonio Neto y Pasivo (A + B + C)	427.878,96

Activo	2011
A) Activo no Corriente	422.587,65
III. Inmovilizado Material	422.587,65
21100001 Local 4-5 A Pzas 60-61-62-63	412.303,17
21300001 Konica Minolta Multifuncion	1.852,72
21300002 Proyector-Pantalla	1.081,27
21500001 Instalacion Estanterias	1.990,12
21500002 Instalacion Alarma Seguridad	698,56
21600001 Mobiliario Oficinas	15.797,79
21600002 2 Enrollables Ventanales	580,46
21700001 2 Ord Sobremesa Hp Pavilion	998,00
21700002 Ordenador Portatil Sony Vaio	799,00
21700003 Monitor Ord Compaq Wf1907v	189,00
21700004 Maletin Portatil Techair	34,90
28110001 Amort.Acumul.Local 4-5 A Pzas	9.590,29
28130001 Amort.Acumul.Konica Minolta Mu	20,65
28130002 Amort.Acumul.Proyector-Pantall	170,27
28150001 Amort.Acumul.Instalacion Estan	238,81
28150002 Amort.Acumul.Instalacion Alarm	23,54
28160001 Amort.Acumul.Mobiliario Oficin	2.278,13
28160002 Amort.Acumul.2 Enrollables Ven	29,74
28170001 Amort.Acumul.2 Ord Sobremesa H	684,42
28170002 Amort.Acumul.Ord Portatil Sony	547,95
28170003 Amort.Acumul.Monitor Compaq Wf	129,61
28170004 Amort.Acumul.Maletin Portatil	23,93
B) Activo Corriente	5.291,31
III. Deudores Comerciales y Otras Ctas. a Cobrar	0
1. Clientes por Ventas Prestación de Servici	0
VII. Efectivo Otros Activos Líquidos Equivalent	5.291,31
57000000 Caja, Euros	635,10
57200000 Bancos e Inst.Créd.C/C Vista,M	4.656,21
Total Activo (A + B)	427.878,96

14. Importe cotas aplicadas por concepto e tipo de servizo:

CONCEPTO		IMPORTE (€)
- Cota inscrición licenciados antes de 1 ano		15,00
- Cota inscrición licenciados despois de 1 ano		35,00
- Cota semestral colexiación normal		50,00
- Cota semestral colexiación reducida		30,00
- Compulsas colexiados		0,15
- Compulsas non colexiados		0,60
- Visado colexial	Segundo o Regulamento de Visado	-
- Impresos certificados oficiais (xogo de 3 exemplares)		6,31

15. Información sobre procedimientos informativos e sancionadores en fase de instrucción.

- Ao longo do ano 2011 non se produciron procedementos informativos ou sancionadores.

16. Información sobre queixas e reclamacións de consumidores e usuarios ou as súas organizacións representativas.

- Ao longo de 2011 non se produciu ningunha queixa ou reclamación de dita especie.

17. Cambios no contido dos seus códigos deontolóxicos.

- Acometerase en breve a actualización do código deontolóxico.

18. Normas sobre incompatibilidades e situacións de conflito de intereses en que se atopan os membros da Xunta de Goberno.

- Ao longo de 2011 non se produciron incompatibilidades ou conflitos de intereses entre os membros da Xunta de Goberno. Está previsto iniciar a redacción de ditas normas.

19. Estatísticas colexiacións.

- O ano 2011 producíronse 55 altas (19 B, 33 C, 3 traslados) e 96 baixas (71 voluntarias, 23 por morosidade e 2 por traslado). O activo a 31 de decembro de 2011 é de 1.476 colexiados.

20. Información estatística sobre a actividade de visado.

Neste apartado tamén se aprecia claramente o momento económico no que nos atopamos ao descender sensiblemente as cifras respecto das anteriores:

- Sometidos ao trámite de visado colexial en 2011, 18 memorias, realizadas por 5 colexiados.
- Estudos e avaliacións de impacto ambiental (parques eólicos): 16 memorias.
- Outros: 2 memorias.